

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

**5937** *Real decreto 459/2011, do 1 de abril, polo que se fixan os obxectivos obrigatorios de biocarburantes para os anos 2011, 2012 e 2013.*

A Directiva 2009/28/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables e pola que se modifican e se derrogan as directivas 2001/77/CE e 2003/30/CE, establece que cada Estado membro velará por que a cota de enerxía procedente de fontes renovables en todos os tipos de transporte en 2020 sexa como mínimo equivalente ao 10 % do seu consumo final de enerxía no transporte.

A disposición adicional décimo sexta da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, establece obxectivos anuais de biocarburantes e outros combustibles renovables con fins de transporte ata o ano 2010 e habilita o Goberno para modificar estes obxectivos establecidos, así como para establecer obxectivos adicionais.

O Real decreto 1738/2010, do 23 de decembro, polo que fixan obxectivos obrigatorios de biocarburantes para os anos 2011, 2012 e 2013, establece obxectivos anuais de consumo e venda de biocarburantes tanto globais como por produto no dito período.

No Consello de Ministros do 4 de marzo de 2011 estableceuse, como parte do Plan de medidas urxentes de aforro e eficiencia enerxética, a necesidade de incrementar a obriga de introducir biodiésel en carburantes ata o 7% en contido enerxético para os anos 2011, 2012 e 2013.

Dadas as circunstancias actuais, co obxecto de reducir o consumo de combustibles fósiles no sector do transporte, contribuír a diversificar as fontes de enerxía primaria, incrementar a seguridade de abastecemento enerxético, acrecentar a independencia enerxética e reducir o custo das importacións de petróleo, considérase conveniente establecer novos obxectivos máis ambiciosos de venda e consumo de biocarburantes. Esta medida permitirá contribuír, ademais, ao desenvolvemento dos biocarburantes como elemento substancial das políticas de protección do ambiente e de redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, así como ao cumprimento dos obxectivos obrigatorios de uso de enerxía de fontes renovables fixados na normativa comunitaria.

Por isto, os obxectivos establecidos no Real decreto 1738/2010, do 23 de decembro, de biocarburantes en diésel, elévanse do 3,9%, 4,1% e 4,1% en 2011, 2012 e 2013 respectivamente, ata o 7,0%, e os obxectivos globais de biocarburantes elévanse do 5,9%, 6,0% e 6,1% ata o 6,4%, 6,5% e 6,5%, nos mesmos anos.

Tendo en conta a data de entrada en vigor deste real decreto e o tempo necesario para consumir o produto actualmente no sistema, o obxectivo global para 2011 establécese no 6,2% e o obxectivo de biocarburantes en diésel no 6,0%.

De conformidade co disposto na disposición adicional décimo primeira, punto terceiro, 1, función segunda da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, a Comisión Nacional de Enerxía emitiu o correspondente informe. Así mesmo, o trámite de audiencia aos interesados efectuouse a través do Consello Consultivo de Hidrocarburos, cuxas observacións e comentarios se tomaron en consideración para a elaboración do mencionado informe da Comisión Nacional de Enerxía. Finalmente, esta norma foi obxecto de informe por parte da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

O artigo 149.1.25.<sup>a</sup> da Constitución atribúe ao Estado competencia exclusiva sobre as bases do réxime enerxético. Este real decreto ampárase no dito título competencial, así como na citada disposición adicional décimo sexta da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de abril de 2011, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto deste real decreto o establecemento dos obxectivos anuais obrigatorios mínimos de venda ou consumo de biocarburantes con fins de transporte, para os anos 2011, 2012 e 2013. Para tal fin, fíxanse tres obxectivos que se expresan como contido enerxético mínimo, en relación co contido enerxético en gasolinas, en gasóleos e no total de gasolinas e gasóleos vendidos ou consumidos.

Artigo 2. *Suxeitos obrigados.*

Os suxeitos obrigados a acreditar o cumprimento dos obxectivos que se establecen no artigo 3 deste real decreto son os seguintes:

- a) Os operadores por xunto, regulados no artigo 42 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, polas súas vendas anuais no mercado nacional, excluídas as vendas a outros operadores por xunto.
- b) As empresas que desenvolvan a actividade de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos, regulada no artigo 43 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, na parte das súas vendas anuais no mercado nacional non subministrado polos operadores por xunto.
- c) Os consumidores de produtos petrolíferos, na parte do seu consumo anual non subministrado por operadores por xunto ou polas empresas que desenvolvan a actividade de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos.

Artigo 3. *Obxectivos obrigatorios mínimos de venda ou consumo de biocarburantes.*

Os suxeitos a que se refire o artigo anterior deberán acreditar anualmente ante a entidade de certificación as seguintes titularidades:

- a) A titularidade dunha cantidade mínima de certificados de biocarburantes que permitan cumprir cos obxectivos da seguinte táboa:

	2011	2012	2013
Obxectivos de biocarburantes (%) .....	6,2%	6,5%	6,5%

- b) A titularidade da cantidade mínima de certificados de biocarburantes en diésel (CBD) que permitan cumprir cos obxectivos da seguinte táboa:

	2011	2012	2013
Obxectivos de biocarburantes en diésel (%) .....	6,0%	7,0%	7,0%

- c) A titularidade da cantidade mínima de certificados de biocarburantes en gasolina (CBG) que permitan cumprir cos obxectivos da seguinte táboa:

	2011	2012	2013
Obxectivos de biocarburantes en gasolinas (%) ...	3,9%	4,1%	4,1%

As porcentaxes indicadas nas táboas anteriores calcularanse, para cada un dos suxeitos obrigados, de acordo coas fórmulas recollidas na Orde ITC/2877/2008, do 9 de outubro, pola que se establece un mecanismo de fomento do uso de biocarburantes e outros combustibles renovables con fins de transporte ou de acordo coas fórmulas que no futuro se establezan por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio, logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1738/2010, do 23 de decembro, polo que fixan obxectivos obrigatorios de biocarburantes para os anos 2011, 2012 e 2013, e aquelas disposicións de igual ou inferior rango no que se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Excepcións e mecanismos de flexibilidade de carácter territorial no mecanismo de fomento do uso de biocarburantes.*

Mediante orde do seu titular, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, poderá introducir excepcións ou mecanismos de flexibilidade de carácter territorial no mecanismo de fomento do uso de biocarburantes.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.25ª da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia en materia de bases do réxime mineiro e enerxético.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de abril de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,  
MIGUEL SEBASTIÁN GASCÓN